

MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE MOS PARA A REMODELACIÓN DA AVENIDA DE PUXEIROS – AVENIDA DO REBULLÓN.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

As avenidas de Puxeiros e do Rebullón na parroquia de Tameiga, núcleo urbano do Concello de Mos, destínanse case exclusivamente ao tráfico rodado. As obras proxectadas buscan gañar espazo público para o cidadán coa creación de beirarrúas de dimensións axeitadas en todo o trazada e pequenas illas de vexetación e arborado. A democratización do espazo público para uso e disfrute de todos.

As obras aproveitaranse tamén para soterrar redes de alumeadado público e telefonía e instalar rede de pluviais.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en estímase en un millón douscentos oitenta e dous mil trescentos setenta e tres euros con sesenta e cinco céntimos de euro (1.282.373,65 €) IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras cun importe de 600.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 2025-00005 dos seus orzamentos para o ano 2025 da Xunta de Galicia para 2025.



4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Mos e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

Esta actuación xa fora prevista na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

